

Línguas Minoritárias e Variação Linguística



Coordenação

Lurdes de Castro Moutinho

Rosa Lídia Coimbra

Alberto Gómez Bautista



universidade de aveiro
theoria poiesis praxis

FICHA TÉCNICA

TÍTULO

Línguas Minoritárias e Variação Linguística

COORDENADORES

Lurdes de Castro Moutinho, Rosa Lídia Coimbra, Alberto Gómez Bautista

EDITORA

UA Editora

Universidade de Aveiro

Serviços de Biblioteca, Informação Documental e Museologia

1.^a edição – novembro 2020

ISBN

978-972-789-656-1

DOI

10.34624/rj68-vz44

APOIOS

universidade de aveiro  dlc departamento de línguas e culturas
cllc centro de línguas, literaturas e culturas

FCT
Fundação para a Ciência e a Tecnologia
MINISTÉRIO DA CIÊNCIA, TECNOLOGIA E ENSINO SUPERIOR

Este trabalho é financiado por fundos nacionais através da FCT – Fundação para a Ciência e a Tecnologia, I.P., no âmbito do projeto UIDB/04188/2020

**CONTACTO, ESTÁNDAR E IDEOLOXIAS:
A LINGUA GALEGA NA ESFERA PÚBLICA**

**LANGUAGE CONTACT, STANDARD AND IDEOLOGIES:
GALICIAN IN THE PUBLIC SPHERE**

Xosé Luís Regueira

(Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela)

Resumo

Nas últimas décadas desenvolveuse unha esfera pública en galego, que é a lingua da actividade política pública e da actividade cultural. Os axentes da esfera pública nunha lingua minorizada son bilingües e tamén toman parte na esfera pública na lingua dominante, polo que o contacto de linguas neste espazo social é intenso. O galego segue a ser a lingua da maioría da poboación e é oficial en Galicia, xunto co español, pero o español é a lingua que goza do prestixio máis alto na sociedade.

O portugués xeralmente non é considerado como unha lingua de contacto en Galicia. Mais o estándar galego promove unha certa converxencia en aspectos de vocabulario e de gramática, e algúns grupos minoritarios toman o portugués (principalmente o portugués escrito) como a referencia principal para o estándar galego. Por tanto, un contacto vertical (de riba para baixo) con certas formas selectivas de portugués ten tamén lugar en certos grupos sociais minoritarios.

Neste traballo analízanse algúns discursos públicos tomados da esfera pública política, mais deféndese que as mesmas características poden atoparse noutros ámbitos públicos. Nestes discursos encóntranse trazos e formas do español como lingua de contacto e en certos falantes tamén formas tomadas do portugués escrito.

A presenza de diferentes variedades (estándar e non estándar) de galego en contacto co español e mais, en parte, co portugués acrecenta os repertorios lingüísticos dispoñibles para a interacción na esfera pública, e desta maneira fai posible que os falantes constrúan identidades de maneira complexas. Neste respecto, aquí deféndese que o uso de formas de contacto co español xunto con formas tomadas do portugués non resulta contraditorio, senón que reforza certos aspectos da construción identitaria (urbana, clase media, universitaria).

Palabras chave

Contacto de linguas, variación lingüística, estandarización, discurso político, construción de identidades, indexicalidade.

Abstract

In the last few decades, a public sphere has developed in Galician, which is the language of public political and cultural activity. The agents of the public sphere in a minorized language are bilinguals and also take part in the public sphere in the dominant language, and therefore language contact in this social space is intense. Galician continues to be the language of the majority of the population and is official in Galicia, along with Spanish, but Spanish is the language that enjoys the highest prestige in society.

Portuguese is not generally regarded as a contact language in Galicia. But standard Galician encourages some convergence in aspects of vocabulary and grammar, and some minority groups take (mainly written) Portuguese as the main reference for standard Galician. Thus, a top-down contact with selective forms of Portuguese also take place among some minority social groups.

In this paper some discourses taken from the political public sphere are analysed, although it is argued that the same features could be found in other public areas as well. These discourses display features and forms of Spanish as a contact language, which some speakers combine with grammatical and lexical forms appropriated from written Portuguese.

The presence of different Galician varieties (standard and non-standard) in contact with Spanish and, in part, with Portuguese increases the linguistic repertoires available to interact in the public sphere, and thus enables speakers to construct identities in complex ways. In this respect, it is argued that the use of forms of contact with Spanish along with forms taken from Portuguese, far from being contradictory, reinforce each other in some respects (urban, middle class, educated).

Keywords

Language contact, language variation, standardization, political discourse, identities construction, indexicality.

1. INTRODUCCIÓN

A lingua galega encóntrase en situación de minorización social fronte ao español en Galicia e nas áreas externas á Galicia administrativa onde é falada. Non obstante, segue a ser a lingua maioritaria de Galicia¹ e, a partir do proceso de normalización que se vén desenvolvendo nas últimas décadas, goza da consideración de “lingua propia de Galicia” e ten recoñecemento oficial, xunto co español (Estatuto de Autonomía de Galicia, 1981). O galego encóntrase, por tanto, en contacto social intenso co español, que é a lingua do estado, así como a lingua dos medios de comunicación españois e da maioría dos medios privados de Galicia. Ao mesmo tempo, existe un contacto selectivo e minoritario co portugués (Medeiros, 2006; Herrero, 2011; Regueira, no prelo). Na sociedade galega o español é a lingua que goza dun prestixio maior (González González, 2003; Herrero, 2011), mentres que o portugués ten prestixio só en círculos de elites culturais e universitarias.

¹ Información tomada do censo do Instituto Galego de Estatística, datos de 2018, <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=2951&paxina=001&c=0206004> (consulta abril 2020).

Nas últimas décadas en Galicia produciuse un proceso de urbanización rápido e intenso, acompañado de importantes cambios económicos; unha mostra destes cambios pode verse en que en 1980 o 42% da poboación estaba ocupada no sector primario, mentres que ese sector en 2018 só representa o 6% do emprego². Estes procesos e mudanzas sociais, ocorridos en poucas décadas, non poden deixar de ter consecuencias lingüísticas, que aínda só recentemente están a ser exploradas. Algúns traballos teñen estudado mudanzas lingüísticas do galego (Fernández Rei & Regueira 2017), mais tamén están a ocorrer mudanzas no español de Galicia, que reciben moita menos atención (Regueira & Fernández Rei, 2020).

Neste traballo tratarei de mostrar como na lingua do discurso público aparecen formas de contacto co español (especialmente na fonética, na sintaxe e no léxico) e tamén, en parte, elementos tomados do portugués e incorporados no galego estándar (tanto no estándar oficial coma en modelos alternativos). As mostras serán tomadas fundamentalmente do discurso político, mais tamén se mencionarán outros tipos de discursos, xeralmente de carácter cultural ou lingüístico.

Estes discursos serán analizados a partir do marco teórico da sociolingüística interaccional (Gumperz, 1982) e de desenvolvementos recentes da sociolingüística variacionista que atenden ás prácticas lingüísticas por medio das cales as persoas se sitúan no medio social por medio de prácticas estilísticas (Eckert, 2012, 2018), nunha liña que se remonta á socioloxía da interacción desenvolvida por Erving Goffman (1959, 1967, 1981), en que os actos sociais son vistos como actos de construción de identidades por medio de recursos semióticos e lingüísticos. Desde esta perspectiva, o foco sitúase sobre “the ways in which people take on different linguistic forms as they align and disaffiliate with different groups at different moments and stages” (Blommaert & Rampton, 2011, p. 5). Os dous conceptos básicos que utilizaremos nesta análise son os de “identidade” e de “indexicalidade”. A identidade é entendida como o produto das prácticas lingüísticas e semióticas das persoas que interveñen na interacción, e por tanto como un fenómeno social e cultural, non unha propiedade psicolóxica interna da persoa (Bucholtz & Hall, 2005, 2007). A indexicalidade, seguindo a Silverstein (2003, 2014), refírese á maneira en que as formas lingüísticas están vinculadas con identidades sociais, explícita ou indirectamente, e poden actuar en diferentes niveis ou “ordes indexicais” (n, n+1, n+2... vid. Silverstein, 2003).

Neste sentido, neste traballo adoptamos unha visión da lingua que transcende a visión da lingüística ortodoxa como un obxecto externo ás persoas, xa presente no *Cours de linguistique générale*: “La langue, distincte de la parole, est un objet qu’on peut étudier séparément” (Saussure, 1995 [1916], p. 31). Desde estes postulados metodolóxicos e desde a perspectiva da lingua na interacción social, o obxectivo deste traballo é tratar de comprender o papel que xogan os elementos de

² Informacións extraídas da páxina do Instituto Galego de Estatística, <https://www.ige.eu> (consulta abril 2020).

contacto co español e as formas e estruturas tomadas do portugués nos discursos en galego presentes na esfera pública da Galicia actual.

2. A ESFERA PÚBLICA EN LINGUA GALEGA

O concepto de esfera pública foi primeiramente establecido por Jürgen Habermas (1962) (*Öffentlichkeit*, en alemán), entendida como unha área da vida social en que individuos e grupos se reúnen para discutir cuestións de interese común e crear xuízos e valoracións, e así influír na acción política. Para Habermas o exemplo máis representativo desa esfera pública sería o espazo social creado nos cafés e noutros ambientes sociais da Inglaterra do séc. XVIII, onde se lía e se comentaba a prensa e se discutía de política e de cuestións sociais. A discusión racional cara a cara era o elemento central desa esfera pública. Desde este punto de vista, a “esfera pública” burguesa é vista en esencia como unha “comunidade de práctica” (no sentido de Wenger, 1998) en que a lingua falada ocupa un papel central. Nese espazo das elites burguesas e aristocráticas é onde se constitúen os estándares orais das linguas, baseados nas variedades faladas polas clases dirixentes (cfr. Bauman & Briggs, 2003).

En Galicia, debido ás condicións políticas e sociais en que se desenvolveu o tránsito á modernidade, non se puido desenvolver unha esfera pública en galego ata o séc. XX. Mesmo nos momentos en que se estaba a producir o chamado Rexurdimento literario, a finais do séc. XIX, as discusións dos círculos galeguistas producíanse en español (cfr. Mariño, 1998; García Turnes, 1999). Non foi, pois, ata as primeiras décadas do séc. XX que empezou a constituírse unha esfera pública en lingua galega, a partir das actividades políticas, culturais e científicas que se levaron a cabo a partir das Irmandades da Fala, o grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos, entre outros (Mariño, 1998; Monteagudo, 1999), no marco dun proceso que culminou na consecución do estatuto de autonomía para Galicia en 1936. Agora producíanse discusións, debates e discursos políticos en galego, e o galego entrou, aínda que marxinalmente, no novo medio de comunicación: a radio (Freixanes, 2009, pp. 44-45). Mais esta incipiente esfera pública foi interrompida polo golpe de estado de 1936, a guerra e a ditadura de Franco.

Unha certa esfera pública empeza a constituírse nos anos 1960, en que se crean asociacións culturais nas principais cidades e se fundan na clandestinidade partidos políticos de signo nacionalista e esquerdista. Estas asociacións e partidos nútrese fundamentalmente de xuventude urbana que en moitos casos xa fora educada en español. Neses momentos o uso público do galego simboliza a oposición á ditadura e durante a transición política, e tras a morte de Franco no ano 1975 converteuse na lingua xeral da actividade política, sindical e cultural de Galicia. A partir de aí púxose en marcha un proceso de “normalización lingüística” (Regueira, 2006) que potenciou a

aparición da esfera pública en galego, principalmente coa creación dunha radio e unha televisión públicas. Na actualidade, o galego está presente nas administración autonómica e nas entidades locais, así como en asociacións e movementos cidadáns de diferente natureza. O galego asóciase coa acción colectiva, e así é utilizado de maneira pública con máis frecuencia por asociacións privadas ca por particulares (Wellings, 2013, p. 25) e tamén é a lingua da reivindicación política e da protesta social (Herrero, 2011, pp. 77-78). Mais non hai que perder de vista que as persoas falantes dunha lingua minorizada son bilingües e participan tamén na esfera pública da lingua dominante.

Agora, segundo Habermas (1962, p. 198), a *Öffentlichkeit* está deformada polos medios de comunicación, que responden a intereses particulares e comerciais, e o debate crítico-racional entre cidadáns iguais foi substituído por unha apropiación privatizada dunha conversación realizada no nome deles (cfr. Thompson, 1996, p. 10). A gran maioría dos medios que se reciben en Galicia están en español: todos os medios de comunicación do estado e a maioría dos medios privados radicados en Galicia. Nas sociedades modernas os medios son un elemento fundamental na conformación das “comunidades imaxinadas” (Anderson, 2006), xa que constrúen “un espace social de consensus, une communauté d’identités partagées, de reconnaissance réciproque” (Akoun, 1997, p. 12). Nese contexto, os medios en galego, especialmente a Radio Galega (RG) e a Televisión de Galicia (TVG) permitiron a creación dun “espazo discursivo” propio (Hourigan, 2003, p. 51), e fixo posible que a cidadanía galega poida representarse e “imaxinarse” de maneiras que antes eran impensables (cfr. Medeiros, 2006, p. 243).

Por outra parte, a esfera política galega está intimamente conectada á esfera política española, da que forma parte. O Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia son, tamén, institucións políticas do estado español, e as discusións que se producen no seu seo son, en moitas ocasión, ecos dos debates que teñen lugar na política española. Nesa situación, os marcos (no sentido de Goffman, 1974, discutido en Tannen, 1993, pp. 14-21) e as metáforas (Lakoff & Johnson, 1980; Mussolf, 2019) resultan inevitablemente afectados, e reproducen aqueles que son elaborados nos centros de produción ideolóxica de fóra de Galicia e que, xa sexan españois, europeos ou globais, chegan a Galicia maioritariamente a través do español. As tradicións discursivas (Koch, 1997; Oesterreicher, 1997; Kabatek, 2005) doutras linguas son imitadas e adaptadas, tamén maioritariamente a través do español. Por tanto, o contacto e a influencia dos usos lingüísticos españois é inevitablemente moi forte e está presente en cada área da actividade pública galega, talvez coa relativa excepción do mundo cultural, que neste sentido conseguiu crear un espazo discursivo máis autónomo (cfr., para o campo literario, Figueroa, 2010).

Por contra, a esfera pública galega está desconectada da portuguesa. Os medios portugueses non penetran en Galicia, a pesar de que en amplas áreas próximas á fronteira poden recibirse

emisións de radio e de televisión portuguesas. Nos medios galegos as informacións sobre Portugal son escasas. A excepción, en parte, é a TVG, que ten un correspondente no Porto para informar sobre a actualidade portuguesa e en certos programas (como o popular *Luar*) é habitual a presenza de artistas de Portugal. Neste punto é interesante notar que as intervencións en portugués na televisión non se traducen nin se subtitulan, de maneira que o portugués é representado como unha lingua próxima e non estranxeira: simbolicamente non é presentado como o “Outro” (Kavanagh, 2011, pp. 25-26). A esfera política galega está totalmente desconectada da portuguesa, polo que os marcos e as metáforas usuais en Portugal son descoñecidos en Galicia. Un exemplo pode ser a expresión “saco azul” para denominar o diñeiro non consignado na contabilidade oficial, que incluso os medios máis proclives a un achegamento ao portugués non utilizan, e si usan por contra a expresión “caixa B”, tomada do español “caja B”. No mundo da cultura o contacto é máis frecuente, sobre todo en artes escénicas e música, con colaboracións e visitas máis ou menos frecuentes, así como varias series de ficción coproducidas pola TVG e pola Radio e Televisão Portuguesa (RTP).

En definitiva, o contacto da poboación galega co español e co portugués presenta grandes diferenzas non só no tocante á intensidade, senón sobre todo de tipo cualitativo. O español está presente na vida das persoas desde a infancia, e en moitos casos de maneira exclusiva ou predominante durante toda a etapa de formación e mesmo na vida cotiá; por tanto é a fonte de numerosas formas que as persoas galegofalantes incorporan ao seu repertorio lingüístico, tanto nas variedades coloquiais e informais (elementos de morfoloxía, léxico e fraseoloxía, sobre todo) coma nas variedades máis formais ou socialmente máis elevadas (fonética, sintaxe, fraseoloxía, principalmente). O contacto co portugués, por contra, prodúcese nunha minoría de xente xeralmente urbana e con estudos universitarios; os elementos do portugués que se incorporan son moi selectivos e fundamentalmente corresponden a formas da lingua formal e da lingua escrita (Vid. máis adiante sección 4). Desta maneira, a utilización de formas de contacto do español e do portugués vai permitir que as persoas axentes das producións lingüísticas das interaccións ou dos discursos producidos na esfera pública configuren e constrúan identidades sociais, políticas e ideolóxicas diferenciadas en varios niveis e, en ocasións, aparentemente contraditorias.

3. A LINGUA DO DISCURSO PÚBLICO E O CONTACTO CO ESPAÑOL

Como consecuencia da situación lingüística descrita na sección 2, a lingua galega que se pode encontrar na esfera pública está, dunha ou doutra maneira, influída polo contacto co español. Non obstante, encóntrase unha variación importante entre unhas persoas e outras na esfera pública e incluso dentro da mesma comunidade de práctica. Nun traballo anterior (Regueira, 2016) analicei

unha mostra da lingua da esfera política, baseada nos debates electorais que se emitiron na TVG durante a campaña das eleccións galegas de 2012 entre os tres principais candidatos: Alberto Núñez Feijoo (Partido Popular, PP), Manuel (Pachi) Vázquez (Partido Socialista de Galicia-PSOE, PSdG) e Francisco Jorquera (Bloque Nacionalista Galego, BNG). Tamén utilicei de maneira secundaria os discursos proferidos na sesión de investidura e as réplicas correspondentes³. Neses debates non participou Xosé Manuel Beiras, cabeza da Agrupación Galega de Esquerdas (AGE), formada polo partido nacionalista Anova, o partido Esquerda Unida, que forma parte do partido español Izquierda Unida, e mais os partidos ecoloxistas e Espazo Ecosocialista Galego; como esta era unha agrupación política nova, non tiña representación no parlamento anterior. Nestas eleccións AGE converteuse na terceira forza do Parlamento, polo que tamén foron analizadas as intervencións de Beiras nas sesións de investidura.

Os catro políticos pertencen a xeracións diferentes e proceden de ambientes lingüísticos distintos. Alberto Núñez Feijoo (Ourense, 1961), candidato do PP e presidente da Xunta de Galicia desde 2009, procede dun pequeno núcleo urbano dun concello rural (Os Peares, Ourense), en que a maioría da poboación fala sempre galego (MSG 1995), aínda que posiblemente pasou toda a súa etapa de formación inmerso en centros en que só se utilizaba o español ata a súa etapa universitaria. Pachi Vázquez (O Carballiño, Ourense, 1954) procede dunha vila mediana, nun concello en que se fala maioritariamente galego. Francisco Jorquera (Ferrol, 1961) procede dunha das cidades en que se fala menos galego e Xosé Manuel Beiras (Santiago de Compostela, 1936) dunha cidade en que, segundo os datos do MSG (1995), o galego ten un uso maioritario entre a poboación. Todos os catro teñen formación universitaria (Dereito, Medicina, Xeografía e Historia e Ciencias Económicas, respectivamente). Mais o uso que mostran do galego non se correlaciona coa orixe rural / semirural / urbana dos candidatos (vid. Regueira, 2016), senón que outros factores diferentes parecen intervir na súa competencia e nas súas eleccións lingüísticas.

Como é de esperar, todos os candidatos empregan o galego estándar, aínda que con diferentes desviacións. Por unha parte, Feijoo e Vázquez utilizan frecuentemente variantes populares (non estándar) como o plural en *-ós* (estándar *-óns*), propio do galego central (Fernández Rei, 1990): *eleccións, opcións, millós* (Feijoo); *accións, millós, administracións* (Vázquez). Vázquez usa sistematicamente o plural en *-les* das palabras rematadas e *-l: sociales, fñscales, niveles* (estándar *sociais,*

³ Os debates poden consultarse no arquivo da TVG: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/primeiro-debate-da-crtvg-alberto-nunez-feijoo-e-pachi-vazquez>; <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/segundo-debate-entre-pachi-vazquez-e-francisco-jorquera>; <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/terceiro-debate-entre-alberto-nunez-feijoo-e-francisco-jorquera>. As sesións de investidura poden encontrarse no web do Parlamento de Galicia (sesións do 27/11/2012 e do 29/11/2012): <http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-investidura-2012-11-27>; <http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-investidura-2012-11-29> (consulta outubro de 2020).

fiscais, niveis). Nas palabras rematadas en *-dade*, Vázquez alterna a solución estándar *-dade* coa popular *-dá* (*contabilidade, sanidade /vs/ utilidá*), mais tamén pode aparecer a terminación do español *-dad*, como en *fiscalidade / físcalidad / físcalidá*. Feijoo utiliza normalmente as formas en *-dá* (*verdá, necesidá*).

Ambos candidatos presentan como un dos aspectos máis salientes do seu galego a colocación dos clíticos persoais anticipados ao verbo en casos en que a colocación normal é a posposición: *vostede me cita a páxina do SERGAS; eu lles propoño claramente; pero lle vou a dar unha boa noticia* (Feijoo); *perdón, o sabe vosté, e o sabe toda Galicia; llo darei ó final e lle vou explicar como son os contratos de Pemex; o teño claro; o saben ben os nosos doentes* (Vázquez).

No léxico, ambos políticos utilizan formas tomadas do español e que son frecuentes na fala, como *miércoles* (por *mércoves*) (Feijoo) ou *calle* (por *rúa*) (Vázquez). Este último, ás veces alterna as formas estándar coas do español: *ensino público / calidade da enseñanza*. Non obstante, en xeral aparecen as formas da lingua estándar, incluso cando non son moi frecuentes na lingua falada: *cancro, cirúrxica, investimentos, débeda*. En frases feitas e metáforas aparecen calcos do español: *esa senda que nos leva a galope tendido hacia o abismo* (Vázquez); *Hai comunidades que teñen pechado a cal e canto a billa dos mercados* (Feijoo). Neste último caso, ademais de calcar a expresión do español *a cal y canto*, tamén calca a metáfora *el grifo de los mercados*, e a falta de concordancia entre *pechado* e *bill* fai pensar que a palabra española *grifo* está subxacente. Ao lado disto, ambos utilizan o arcaísmo do galego literario, pero non estándar, *conquerir* (por *conseguir, lograr*): *Temos que conquerir que Galicia exerza o seu autogoberno* (Vázquez); *conseguir o que xa conquerimos* (Feijoo).

Estes dous políticos, representantes das seccións galegas de dous partidos estatais, presentan, pois bastantes semellanzas na súa lingua, e nalgúns destes aspectos, ambos contrastan cos que proceden do ámbito político nacionalista, e que veremos a continuación. Mais ambos os dous discrepan claramente é na fonética e na fonoloxía. Feijoo non fai unha diferenciación adecuada entre as vogais tónicas medias baixas [ɛ, ɔ] e medias altas [e, o] (p.e. *nove* ['nɔβe] por ['nɔβi]; *é* ['ɛ] (por ['ɛ]), e sobre todo a pronuncia das vogais finais átonas con timbres semellantes aos do español [e, a, o], fronte ás vogais típicas do galego [ɪ, ɐ, u] (*distint[o]s model[o]s, profund[a]*, etc.). Outras desviacións fonéticas son a ausencia de contraste entre *a* [ɐ] (artigo feminino ou preposición) e *á* [a:] (prep. *a* + art. *a*): *as veces* (por *ás veces*). O son [a:] tamén é o resultante da contracción do encontro de dous [ɐ] átonos pertencentes a palabras diferentes, polo que a non distinción leva a dificultades de recoñecemento: *contra a crise*, pronunciado como *contra crise*, entre outros exemplos. Por contra, Vázquez presenta unha pronuncia que corresponde en gran medida coa fonética do galego popular (e estándar), con sete vogais tónicas ben diferenciadas, con vogais finais claramente elevadas e coas contraccións de *a + a* ben distinguibles: *boas noites* ['boeɪnojtɪs], *novo* ['nɔβu], *toca*

apostar ['tɔka:poʃ'tar]. Esta pronuncia, asociada xeralmente con capas sociais rurais ou semirurais, está reforzada pola presenza de rotacismo (Dubert, 1999), un trazo fonético habitual na área de procedencia deste candidato, mais insólito na esfera pública. Vázquez pronuncia de maneira case sistemática a sibilante en coda silábica seguida de consoante sonora ou de [f] como unha aproximante alveolar [ɹ] (ou por veces como a batida [r]): *mi[ɹ]mo, da[ɹ]familias, serán os sete milló[ɹ] de euros millo[ɹ] gastados (serán os sete millóns de euros mellor gastados)*. Estes trazos ligan a fala deste candidato coa das capas sociais traballadoras e rurais, variedades de baixo prestixio social. Feijoo, por contra, presenta características máis próximas ás variedades chamadas “novo galego urbano” (Regueira, 1999; González González, 2003), con connotacións de escaso contacto coa lingua galega, a pesar da súa procedencia social.

Os dous candidatos procedentes do ámbito nacionalista, Jorquera (BNG) e Beiras (AGE), presentan diferenzas cos políticos non nacionalistas, mais tamén diferenzas entre si en varios aspectos. O contraste máis notable respecto dos dous políticos vistos anteriormente é o uso de formas tomadas de propostas normativas reintegracionistas e en parte incorporados ao estándar actual: adxectivos en *-bel* (*posíbel*), *até*, *Galiza*. Jorquera introduce formas non estándar, como *aceitar* (por *aceptar*), *eleitoral* (*electoral*), *escreber* (*escribir*), e Beiras *níveis* (*niveis*), *parlamentar* (*parlamentario*), entre outras. Ambos os dous usan *simplesmente* (*simplemente*).

Aínda así, tamén estes candidatos, nas intervencións orais, introducen formas e estruturas tomadas do español e comúns na fala, especialmente Jorquera: *debatir* (*debater*), *mismo* (*mesmo*), *hasta* (*ata ~ até*), *vamos a poder* (*imos poder*). Tamén Beiras: *Bueno...*, *persona* (*persoa*), *invertir* (*investir*), *traicionar* (*traizoar*). Estas formas aparecen nos debates e nas réplicas orais, mais non nos discursos lidos. Na fraseoloxía, Jorquera ten frecuentes calcos do español: *enxugar o déficit* (en galego *enxugar* significa ‘secar, quitar a humidade’), *se queda tan ancho, que veña deus i o vexa, o conto da boa pipa*. Beiras tamén ten algúns casos similares (*sacar de quicio, correa de transmisión, de piñón fixo, barra libre*), mais tamén recorre a metáforas tomadas do galego popular e da lingua literaria: *que fagan de nós un pandeiro; como meigas chuchonas das enerxías cívicas i os recursos naturais da cidadanía galega*.

Tamén neste caso, é no referente á fonética onde as discrepancias entre estes dous políticos se manifestan máis claramente. A fonética de Beiras aproxímase á da lingua estándar, con sete vogais (*v[ɔ]taron en contra*), aínda que por veces con algúns timbres vocálicos non moi abertos: *mull[ɛ]res, tam[ɛ]n l[ɛ]va*. Por contra, Jorquera presenta basicamente cinco vogais tónicas: *pode* ['poðe] (por ['pɔðɪ]), *é* ['e] (por ['ɛ]). Tamén ten dificultades para a realización das contraccións: *de costas a xente* (por *á xente*); *está as ordes* (por *ás ordes*); *é o hospital de Vigo* ['eospɪ'tal] (por ['ɛuɔspɪ'tal]), entre outros casos similares. Outro aspecto destacado da fonética de Jorquera é a realización da

nasal final de palabra como [n] alveolar diante de vogal: *u[n] hospital, u[n] empraçamento, e[n] Europa, oposición ó bipartito [oposi'tjono...]* (por [ɔposi'tjoŋɔ...]).

No contraste entre a lingua destes catro políticos pode verse como estes se aliñan e marcan a súa afiliación ou desafiación con diferentes grupos sociais e ideolóxicos (cfr. Blommaert & Rampton, 2011, p. 5). Neste sentido, isto é unha mostra de que, como xa afirmaban Thomason e Kaufmann (1988, p. 35): “it is the sociolinguistic history of the speakers, and not the structure of their language, that is the primary determinant of the linguistic outcome of language contact”. Así, o candidato que presenta un galego máis achegado ás variedades populares é Vázquez, sobre todo nos aspectos fonéticos. O mantemento de trazos socialmente pouco prestixiados, como o rotacismo, pode verse como mostra de aproximación e lealdade ás capas galegofalantes, e así a súa lingua vén confirmar a afirmación que fai durante un dos debates: “non solo falo en galego, sinto en galego, soño en galego”. Así a todo, o uso de formas non estándar e a colocación dos clíticos calcada do español tamén apunta a unha ideoloxía lingüística escasamente galeguista, máis orientada cara ao español ca ao portugués (tamén confirmada pola ausencia de formas que o aproximen ao portugués).

O candidato Feijoo, que durante a campaña de 2016 se presentou como un “neno da aldea”, lembrando a súa infancia nos Peares⁴, onde se reclama dunha identidade rural, utiliza unha lingua que non representa eses valores, senón máis ben “esa imagen de burócrata urbanita y engominado con la que llegó de Madrid”, que lembra a reportaxe mencionada. Hai que lembrar que o principal traballo sobre actitudes lingüísticas levado a cabo en Galicia mostra que: “[o]s que se expresan nas variedades con acento galego percíbense como un grupo social pouco dotado para o éxito social, mentres que os que o fan en lingua galega cunha fonética similar á do castelán son caracterizados como un grupo innovador e socialmente competente, se ben espertan escasos sentimentos de empatía social na mocidade” (González González, 2003, p. 185). Feijoo, coa súa fonética e coa súa lingua, non mostra ningunha aproximación ao galego rural, senón ás formas máis achegadas ao español, de maneira que o español constitúe a súa orientación principal, no aspecto lingüístico, e as capas urbanas castelanfalantes ou con escaso contacto co galego, no aspecto social. A utilización de formas do español e a ausencia de formas presentes no mundo nacionalista reafirman esta idea.

O caso de Jorquera mostra, por unha parte, unha fonética e o uso de elementos do español que reflecten as súas orixes urbanas (posiblemente de lingua inicial española, sendo Ferrol unha das cidades con menor presenza do galego, cfr. MSG 1995), así como a súa familiaridade co discurso político español (fora senador e deputado no Parlamento español entre 2005 e 2012). Mais os

⁴ V. <https://www.farodevigo.es/elecciones/galicia/2016/09/17/feijoo-nino-aldea-comia-pan/1534658.html> (consulta abril de 2020).

elementos tomados das tradicións discursivas do nacionalismo galego actúan como indexadores de pertenza ideolóxica, asociadas a unha vontade de afastamento do ámbito español e de achegamento simbólico ao mundo luso-brasileiro, sen que isto implique unha ideoloxía reintegracionista (Jorquera non evita as formas de contacto co español nin utiliza outras formas de achegamento ao portugués que non sexan as comúns no ámbito do BNG). Estes elementos actúan como unha “táctica de distinción” (Bourdieu, 1979; Bucholtz & Hall, 2007) que permite diferenciar uns grupos nacionalistas respecto doutros. Neste sentido, os elementos do portugués e do español non resultan contraditorios, senón que se complementan na construción identitaria de Jorquera como un político que se sitúa no terreo do discurso público político español (táctica de adecuación) mais que se distingue dos demais como pertencente a un determinado grupo nacionalista (táctica de distinción).

Pola súa parte, Beiras, ademais de mostrar os elementos indexicais de ideoloxía política nacionalista comúns con Jorquera, elabora un discurso escrito que se inscribe parcialmente nas tradicións discursivas da esfera cultural e do campo universitario. Así, contén materiais lingüísticos inusuais na tradición do discurso parlamentario (*feble, sobardar, punxente, xinea, xiria, eis, en troques*), así como variantes que foron usuais na lingua literaria, pero non no estándar actual, como *crebar, verquer, eiquí, iles, contemporán, disfruitar* (por *quebrar, verter, aquí, eles, contemporáneo, disfrutar*). Estes elementos conéctano cos círculos do galeguismo anteriores á transición, nos que Beiras se formou, e coa lingua literaria de figuras como Otero Pedrayo, que foi o principal referente intelectual que durante os anos 1950 e 1960 conectaba coa cultura nacionalista anterior á guerra civil. Estes elementos serven para unha construción identitaria de político e intelectual procedente da tradición galeguista clásica. Por outra parte, nos seus discursos escritos Beiras introduce numerosas citas e referencias a figuras académicas e intelectuais, do ámbito galego e internacional (nun debate posterior⁵ fixo conto de que acababa de citar a Eric Hobsbawn, Giovanni Arrighi, Michael Hudson, William Black e Immanuel Wallerstein) e deféndese da acusación de elitismo aludindo á sabedoría dos seus veciños na aldea de Brión en que reside, xente maior sen formación académica. Beiras reforza así a súa construción identitaria como persoa maior e experimentada, cunha ampla formación e coñecemento especializado, capaz de elaborar discursos complexos, en contraposición co discurso de Feijoo, que aparece no contraste como o dun simple administrador ou contable (“vostedes [...] limitáronse a xestionar en Galiza os ditados e intereses do poder central español como quen administra o servizo privatizado de correos”, afirma no debate de investidura, aludindo a que Feijoo fora anteriormente director da empresa estatal Correos y Telégrafos). Prodúcese así

⁵ Consultable en <http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/actos-institucionales-9-lexislatura-pleno-2014-10-07> (consulta abril 2020).

un salto de escala (Blommaert, 2010, p. 33), un salto na orde de indexicalidade, concepto que Blommaert (2005) relaciona coa “ordre du discours” de Foucault (1996 [1971]).

Este tipo de análise pode estenderse a outras figuras do ámbito político e da esfera cultural. Se tomamos como exemplo un vídeo electoral da actual líder do BNG, Ana Pontón, para a campaña das eleccións galegas de 2016⁶, encontramos unha fonética de cinco vogais (vogais medias abertas realizadas como medias pechadas ou con escasa abertura: *nós* [o], *vós* [ɔ]), realización de /ʃ/ pouco diferenciada de /ʒ/ (*dixeron, deixa*), e onde o único elemento indexador de ideoloxía nacionalista é *Galiza*. Nunha entrevista dentro da campaña preelectoral de 2020⁷, aparece un certo número de formas de contacto co español usuais na fala (*vamos a + inf., crisis, estuvo, estuviera, sí, recorrendo...* por *imos + inf., crise, estivo, estivera, se, percorrendo*), e mesmo a forma *Galiza* alterna con *Galicia*, que é a forma corrente na lingua falada. Se temos en conta que traballos recentes mostran que o galego con cinco vogais xa é habitual entre a poboación urbana (Amengual & Chamorro, 2015; Agüete, 2017, 2019), Pontón achégase así de maneira marcada á fala urbana e prescinde de marcas identitarias que a asocien nin con ruralidade nin con ideoloxías nacionalistas, o que vai en consonancia coa súa aspiración de “aglutinar a unha parte cada vez máis importante da sociedade galega” (Vid. ligazón da nota 7), transcendendo así, cando menos simbolicamente, o campo político nacionalista.

A análise das variedades lingüísticas presentes na esfera pública, que vimos ata aquí en certos axentes da esfera política, pode estenderse a outros ámbitos, como o cultural, onde tamén se pode encontrar unha gran diversidade de comportamentos lingüísticos que, no tocante á fonética, van desde modelos que se achegan ao galego tradicional (e ao portugués) ata outros moi semellantes ao do español (Regueira, 2019, pp. 127-133). Eses modelos poden escoitarse en profesionais dos medios audiovisuais, mais tamén en profesionais das artes escénicas, na “república das letras” e mesmo entre profesorado de lingua galega. Lémbrese que os acentos máis próximos ao español teñen connotacións positivas (urbanidade, modernidade), fronte aos acentos máis “galegos” (ruralidade, baixa formación), que están asociadas a valores de clase (González González, 2003).

4. O CONTACTO CO PORTUGUÉS

Os estudos sobre o contacto de linguas en Galicia, por razón da situación sociolingüística á que se aludiu máis arriba na sección 2, refírense ao galego e o español, mentres que o portugués non é unha lingua de contacto para a maioría da poboación. Nun sentido estrito, o contacto con falantes portugueses só se produce nas áreas de fronteira ou en desprazamentos a través da raia, e

⁶<https://www.youtube.com/watch?v=nDfQ7ot27RY> (consulta abril 2020).

⁷<https://www.youtube.com/watch?v=XfohfPXuxsU> (consulta abril 2020).

só afectan a unha pequena parte da poboación. Mais existe outro tipo de contacto promovido por elites culturais que ten unha incidencia moito maior, de maneira directa ou indirecta, e a lingua portuguesa ten un papel relevante na construción ideolóxica nacionalista e tamén na configuración do estándar lingüístico galego.

4.1. O papel do portugués

Da mesma maneira que Portugal ten un papel na construción da identidade nacional galega, iniciada no século XIX (Torres, 1999; Medeiros, 2006), o portugués ten unha importancia grande no movemento de defensa e no proceso de estandarización do galego. Durante os inicios da recuperación literaria do galego son frecuentes as referencias á estreita relación da lingua galega coa portuguesa (“hija legítima de la gallega”, cfr. Hermida 1996). Mais estas invocacións son un recurso retórico para reivindicar o valor e a dignidade da lingua, e responden “a un desexo de subliñar a importancia do galego como berce dunha moderna lingua de cultura” (González Seoane, 1996, p. 123), de modo que salientar as similitudes e o estreito parentesco histórico coa lingua dun imperio colonial e dunha importante literatura constitúe un eficaz recurso de lexitimación da lingua e da identidade galegas e mais da súa soberanía cultural (Torres, 1999, p. 273). De feito, a pesar desas invocacións ao portugués, a estandarización faise de maneira independente, inevitablemente en contacto co español, en tanto que Galicia está dentro do espazo mediático, político, social e económico do estado español.

Nas últimas fases da estandarización do galego, aproximadamente a partir de 1970 ata a actualidade, a importancia do portugués como lingua de referencia para o estándar galego foise acrecentando (cfr. Regueira, 2003). Nas *Normas ortográficas e morfolóxicas* actualmente vixentes afirmase explicitamente:

As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas. Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego (RAG & ILG, 2003, p. 10).

O portugués está detrás de diferentes escollas morfolóxicas (plurais en *-l* –*animais*, *papeis*–, formas verbais –*sexa*, *íá*–) e variantes léxicas (*igrexas*, *parafuso*), influíu na introdución no estándar de formas históricas que xa non teñen uso na lingua falada (*até*, *alén de*, *se callar*, as terminacións *-bel* –*amábel*– e *-aría* –*zapataría*–, entre outras), e un número non pequeno de préstamos léxicos (*orçamento*, *adestrar*, *vestiario*, *bolseiro*, *relatorio*, *banda deseñada*...). Esta aproximación ao portugués foi impulsada e reforzada pola existencia de propostas chamadas “reintegracionistas”, que propugnan un achegamento maior ou mesmo a adopción do estándar escrito do portugués para o galego.

A partir de finais dos anos 1970, cando o galego inicia o seu “proceso de normalización”, coa recuperación de espazos públicos e co recoñecemento de oficialidade, foi cando a discusión sobre a aproximación (“reintegración”) ao portugués tomou corpo e, debido en grande parte a circunstancias políticas internas, alcanzou un grao de difusión social moi importante (Alonso, 2006; Sánchez, 2010). O chamado “reintegracionismo de mínimos” mantiña un discurso de “reintegracionista” que situaba o portugués como orientación principal para o estándar galego, mais na práctica só diverxía da normativa oficial en aspectos menores. Pola súa vez, o “reintegracionismo de máximos” propoñía a adopción dunha representación ortográfica semellante á do portugués, mais a morfoloxía e o léxico, aínda con achegamentos ao portugués, seguían a ser fundamentalmente galegos, e ademais non se incorpora nada da fonética portuguesa. Así, introdúcense as representacións gráficas *-s-* / *-ss-* e mais *-j-*, *-g-* / *-x-*, mais pronunciadas sempre con fricativas non voceadas, as grafías *-ç-* e *-ç-* son lidas como [θ], fricativa inexistente en portugués etc. Mantéñense numerosos elementos diferenciais co portugués: non se representan vogais nasais, a morfoloxía é basicamente a do galego, o léxico recolle moitos lusismos mais mantén os elementos diferenciais do galego (cfr. Castro 1998). Actualmente existe unha corrente que adopta o estándar portugués nos aspectos gráficos, morfolóxicos e léxicos (non na fonética e só en parte na sintaxe) e outra que continúa coas propostas promovidas pola AGAL, e que poden encontrarse en diferentes publicacións (como AGAL, 1985; Castro, 1998).

O “reintegracionismo de mínimos” acadou unha presenza social relevante, pois foi adoptado oficialmente polo BNG, o principal partido nacionalista, e pola central sindical máis importante de Galicia, a CIG (Confederación Intersindical Galega), ligada ao BNG. Esta proposta, formalmente moi semellante ao estándar oficial mais sostida por un discurso reintegracionista, representaba a oposición á legalidade vixente (Galicia como “comunidade autónoma” dentro do reino de España), sentida como insuficiente, e delimitaba con claridade a fronteira ideolóxica respecto das forzas políticas que gobernaban a Xunta de Galicia (consideradas “españolistas”) e tamén respecto doutros grupos nacionalistas que a asumiran. En 2003 chegouse a un acordo entre representantes desta corrente co ILG e coa RAG, que levou a efectuar certas modificacións na selección de variantes desta normativa (maior relevancia de certas variantes que coinciden co portugués, como *-bel*, *-aría*, *ao*, *até*, *Galizxa*, entre outras). Neste acordo non participou o “reintegracionismo de máximos”, de maneira que as súas variantes do estándar seguiron a ser utilizadas por algunhas agrupacións culturais (Asociación Galega da Língua, Academia Galega da Língua Portuguesa) e por grupos independentistas (o máis importante, Nós-Unidade Popular, disolto formalmente en xuño de 2015).

Os textos producidos polos reintegracionistas “de máximos” non son, por tanto, textos en portugués, xa que manteñen unha forma de galego diferenciada (na fonética, na gramática, en parte do léxico e, no estándar da AGAL, en parte na ortografía). Ademais, os resultados están condicionados polo baixo nivel de coñecemento do portugués en Galicia, a pesar das similitudes e da proximidade lingüística. É certo que algunhas minorías intelectuais coñecen ben a lingua literaria e aspectos da historia e da cultura portuguesa, mais descoñécese a lingua e a cultura da vida ordinaria portuguesa; como afirma o antropólogo portugués António Medeiros (2003, pp. 335-336): “As referências ao país vizinho feitas no discurso galeguista podem ser caracterizadas como apropriação de aspectos muito selectivos da cultura portuguesa. Surgem-nos como percepções estereotipadas, invariavelmente positivas, mas, por regra muito desfasadas do que é familiar e julgado relevante no quotidiano dos nativos do país vizinho”. En consecuencia, os textos producidos moi frecuentemente non cumpren o obxectivo de se aproximaren ao portugués, e mesmo en textos que pretenden estar escritos en portugués aparecen numerosos problemas. Tiago Vidal, profesor de portugués, afirma, sobre un texto publicado nunha revista, que “pasaría, para a redacción da revista e para moitos lectores, como escrito en portugués. Pero non é certo. [...] O texto [...] está composto cunha extravagante mestura de ingredientes da lingua galega, española e portuguesa” (Vidal, 1994, pp. 142). Neste sentido, Madeiros (2003, p. 330), a propósito de textos “reintegracionistas de máximos”, afirma: “Foi em textos que observavam esta regra –sobretudo aqueles que a aplicavam de forma mais imaginosa, mimando tanto quanto possível a ortografia portuguesa– que encontrei algumas das dificuldades mais intrincadas de compreensão do galego”. Fernando Venâncio (2019) analiza varios textos que pretenden estar escritos en portugués mais que se desvían considerablemente do portugués en diferentes aspectos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos (Vid. pp. 193-194, 227-230, 233-235), o que leva o autor a considerar que estes autores utilizan “uma gramática alternativa, feita do que se chamaria *pseudo-lusismos* chamados pelo espanhol” (p. 193); o autor critica a obsesión coa ortografía (“*fetichismo ortográfico*”, p. 220), que crea a “ilusão de, redigindo em ortografia portuguesa, se estar a escrever em português” (p. 232).

4.2. O portugués no discurso público

Aínda que o reintegracionismo mantén unha certa actividade pública no ámbito cultural a través de asociacións como AGAL ou da AGLP, poucas veces transcende ese ámbito para aparecer noutro tipo de esferas. Así, na esfera pública política son moi escasos os discursos ou os textos con certa difusión. Un caso interesante foi o de Bieito Lobeira, que foi deputado no Parlamento Galego entre 1996 e 2016 e que utilizaba formas lingüísticas próximas ao reintegracionismo. Actualmente tamén ten unha posición prominente o deputado no Parlamento español Antón Gómez Reino,

membro de Podemos (partido estatal español), do que se falará máis adiante. O único partido de certa relevancia que se definía como defensor do reintegracionismo “de máximos” era Nós-Unidade Popular (Nós-UP), aínda que era un partido marxinal dentro da escena política galega (nas eleccións galegas de 2005 obtivo o seu mellor resultado electoral, cun total de 1749 votos, o 0,12%)⁸. Disolveuse formalmente en 2015. Nun traballo anterior (Regueira, no prelo) analicei dúas intervencións parlamentarias de Bieito Lobeira en 2010 e 2012⁹ e mais o discurso lido por Rebeca Bravo¹⁰ na clausura da VII asemblea de Nós-UP en 2013, na que acababa de ser elixida como cabeza desta formación. Nestes discursos encóntranse elementos lingüísticos de galego, mais tamén elementos do español e formas tomadas do portugués.

Nas intervencións orais de Bieito Lobeira aparecen formas frecuentes no ámbito nacionalista e que diverxen do galego estándar, que en parte xa comentamos na sección 3, a propósito da lingua de Jorquera, como *eleitoral*, *aceitación*, *sofrer*, *nen*, ou *vosté* (esta forma proposta pola normativa “de mínimos” defendida polo BNG antes de 2003), por *electoral*, *aceptación*, *sufrir*, *nin* e *vostede*. Mais tamén engade outros elementos de aproximación ao portugués como *inteiras* (*enteiras*) ou *cúmplice* (*cómplice*), por exemplo. Na intervención do ano 2010, na que defende unha iniciativa legislativa popular en defensa da lingua galega, Lobeira introduce un maior número de lusismos léxicos, algunhas veces acompañadas da correspondente forma galega, como *suceso* / *éxito*, *crianzas* / *nenos e nenas*, *obrigado* / *grazas*: *Obrigado. Moitas grazas*. Mais tamén utiliza castelanismos léxicos como *asignatura*, *tasas*, *cortos* (*materia*, *taxas*, *curtos*) ou *acomplexados*, pronunciado con [ʃ] (gal. e port. [ks]). Mais o trazo máis marcado nas súas intervencións é o emprego dun sistema fonolóxico próximo ao do español, con cinco vogais tónicas (sen unha adecuada diferenciación entre vogais medias altas e medias baixas), así como unha diferenza pouco perceptible entre as articulacións sibilantes apical [ʃ] e postalveolar [ʃ̄] (*inxenuos*, *lexislatura*, *fixera*... etc.).

No seu discurso, Rebeca Bravo dá lectura a un texto escrito, polo que as características lingüísticas analizadas cobren os aspectos gramaticais e léxicos, así como a fonética da lectura. Non temos acceso á representación escrita, mais con toda seguridade correspondería á ortografía da AGAL que se presenta no *Manual de iniciación à língua galega* de Maurício Castro Lôpez (1998), anterior dirixente de Nós-UP. A morfoloxía mantén en xeral as características do galego, con algúns elementos do portugués, como *conduz*, *há* (*conduce*, *hai*). Na morfoloxía nominal o máis marcante

⁸V. https://gl.wikipedia.org/wiki/N%C3%B3s-Unidade_Popular(consultado abril 2020).

⁹As intervencións poden encontrarse na mediateca do Parlamento de Galicia:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/actos-institucionales-8-lexislatura-pleno-2010-12-14>;

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-ordinario-2012-06-27> (consulta abril 2020). En

Youtube: [https://www.youtube.com/watch?v=XgHvulg_fj0&ab_channel=BloqueNacionalistaGalego\(BNG\)](https://www.youtube.com/watch?v=XgHvulg_fj0&ab_channel=BloqueNacionalistaGalego(BNG)), e https://www.youtube.com/watch?v=APSVF10O1f4&ab_channel=galicia24horas (consulta abril 2020).

¹⁰. A gravación do acto pode encontrarse en

https://www.youtube.com/watch?v=xMW24iHOch4&ab_channel=IrmandadeTV(consulta abril 2020).

son as terminacións ['θoŋ], ['ʒoŋ] (–*com*, –*som*, na grafía da AGAL), por ['θjoŋ], ['ʒjoŋ] (port. ['sẽw̃], ['zẽw̃]): *consolidaçom*, *refundaçom*, *naçom*; *fusom*, *cobesom*. Mais tamén hai casos de –*ción*, –*sión*: *satisfacció*n, *expulsió*n. As formas ['θoŋ], ['ʒoŋ] non se corresponden con ningunha variedade de galego nin de portugués.

Destaca o número de préstamos léxicos do portugués, algúns privativos dos sectores reintegracionistas próximos á AGAL e á AGLP, como *autóctone*, *rumo*, *greves*, *protestos*, *maciça*, *factos*, *persoal*, *embora* (por *autóctono*, *rumbo*, *folgas*, *protestas*, *masiva*, *feitos*, *persoal*, *aínda que*). Noutros casos aparecen formas híbridas, como *leiçom*, (*lección*, port. *lição*) ou *respeituoso* (*respectuoso*, port. *respeitoso*). Tamén a locución *face a* se utiliza co sentido do galego *cara a*: *avançando face ao precipício a que nos conduz o capitalismo espanhol*. A carón dos lusismos aparecen castellanismos léxicos como *pertrechos*, *oleage*, *dietas* ('axudas de custo'), *plasmar*, *enemigo*, *corsé* (usado metaforicamente: *abandonar o corsé español*), *timoratismos*, *cortoplacismos electorais* (esp. *timoratismo*, *cortoplacismo*).

Nos aspectos fónicos, o discurso está lido cunha fonética que está máis próxima do español ca do galego. Non hai datos biográficos públicos sobre Rebeca Bravo, mais probablemente o galego non sexa a súa lingua primeira, aínda que parece razoable supoñer, tanto pola súa militancia política como pola súa actividade na fundación Artábria, que é a súa lingua habitual ou cando menos que leva moito tempo inmersa en comunidades de práctica que usan de maneira consistente a lingua galega. Na súa articulación existen só cinco vogais, que corresponden coas cinco vogais tónicas do español, e tende a pronunciar a postalveolar /ʃ/ como apicoalveolar [ʃ]: *seja* ['ʃeʃa], *message* [mën'ʃaʃe]. Ademais, en numerosas ocasións aparece a pronuncia nasal alveolar [n] no canto da velar [ŋ], tanto no artigo *unba* (u[n]a vida de suor), como en final de palabra diante de vogal *Unio*[n] *Europeia*, e[n] *España*. Tamén outras voces son pronunciadas seguindo o español: *complexos*, *complexa*, pronunciadas con [ʃ] e [ʒ], respectivamente (adaptación da pronuncia española con [x]), fronte ao galego estándar e portugués [ks]). Tamén outras pronuncias, como *seductora* [θt] (por *sedutora*), *estruturais* [kt] (por *estruturais*), *paradigma* [xm] (por [gm]) remiten á fonética española.

É un feito que na escena política galega, o reintegracionismo xoga un papel ideolóxico e político. Non existe unha correlación directa entre o reintegracionismo e posicións políticas de nacionalismo radical ou de independentismo (o principal partido independentista, a Frente Popular Galega, defende a norma oficial) (cfr. Herrero, 2011, p. 77), mais o emprego dunha forma lingüística claramente diferenciada e nos aspectos gráficos próxima ao portugués permite simbolizar un rexeitamento tanto do español (da lingua e da estrutura política do estado español) coma do “galego oficial”, das institucións autonómicas e dos grupos nacionalistas que aceptan, con máis ou menos reticencias, o xogo político institucional. Desa maneira, “a maior parte dos usos do

galego lusista presentan una ideologización evidente de orientación lingüística e cultural, inserida no nacionalismo galego lusófilo” (Herrero, 2011, p. 75).

Neste sentido, Nós-UP sitúase simbolicamente nunha esfera política diferente da que ocupa o BNG, que finalmente adoptou a normativa oficial e ademais ten unha presenza relevante nas institucións. Os usos lingüísticos e ideolóxicos reintegracionistas corresponden a unha “táctica de distinción”, por medio da que marcan a diferenza entre a súa postura abertamente independentista e a dos grupos nacionalistas menos radicais, como o BNG, e tamén respecto doutros grupos non nacionalistas. Neste sentido, Bieito Lobeira, por medio da utilización de formas lingüísticas ideoloxicamente marcadas, está sinalando a súa posición persoal dentro do espazo nacionalista, mais asemade esas marcas son moi limitadas e son utilizadas selectivamente, o que resulta compatible coa posición institucional que ocupa o seu partido.

Un perfil diferente é o que mostra outra figura da política galega actual, Antón Gómez-Reino, dirixente de Podemos en Galicia e actualmente deputado no parlamento español. Este deputado mantén un blog persoal¹¹ (que semella que non foi actualizado nos últimos anos) con textos escritos na ortografía reintegracionista da AGAL, mais, como representante dunha forza política de ámbito español, sitúase fóra da esfera nacionalista galega (aínda que existe colaboración parcial con forzas deste ámbito, sobre todo no nivel da política municipal dentro do movemento En Marea). A maioría das entrevistas de Gómez-Reino que se poden encontrar nas redes están en español, por estaren dirixidas á esfera política española (e aquí volvemos atopar a cuestión da dobre pertenza dos actores da esfera pública minorizada). En Youtube poden encontrarse algunhas entrevistas en galego, das que analizamos dúas delas: unha da TVG¹² en 2015 (cunha duración de 6’41”) e outra na canle A Xanela Audiovisual¹³ en 2019 (duración 46’30”). Nestas entrevistas case non se encontran formas características deste estándar, agás o marcador de reparación *quere dicer* (unha vez en cada entrevista, fronte a *dicir*), *dixeríbel* (fronte a outros casos en *-ble*, como *responsables*) e mais *bloco progresista* (dúas veces) (por *bloque*). En xeral, mantense dentro do estándar oficial, mais con frecuentes formas do español: *bueno*, *espacio*, *catalana*, *judicializar* (pronunciado con [x]), *carriles*, *reanudar*, *entorno*, *recetas*, *ocurrir*, *empleo*, *precio*, etc. A pronuncia corresponde con modelos do galego urbano, con certa diferenciación entre vogais medias altas e medias baixas, e con algunha pronuncia apical da sibilante /ʃ/ (*nosa xente*, *enerxética*). As marcas lingüísticas máis salientes son, por tanto, as de achegamento ao español, de maneiras tanto ou máis marcadas ca as que viamos nos políticos de partidos españois na sección 3.

¹¹<https://caminharpreguntando.wordpress.com/> (consulta abril 2020).

¹²V. <https://www.youtube.com/watch?v=IBmDTzeCRAw> (consulta abril 2020).

¹³V. <https://www.youtube.com/watch?v=vPOvu0Lu-ro> (consulta abril 2020).

Nestes discursos de Lobeira e Bravo, por contra, encontramos textos que, estando construídos a partir do galego, incorporan elementos do portugués (en aspectos léxicos e, en parte, gramaticais) e tamén do español (especialmente nos aspectos fónicos, e en menor medida léxicos e gramaticais), que permiten a construción de identidades tanto de tipo ideolóxicos (nacionalismo, reintegracionismo) como en aspectos sociais (procedencia urbana e de clase non baixa). Como o reintegracionismo ten sobre todo presenza en discursos da esfera cultural, en grupos de carácter urbano e que circulan sobre todo en ambientes universitarios (Herrero, 2011), as marcas reintegracionistas contribúen a reforzar a construción identitaria urbana e de clase.

Neste sentido, o uso de elementos indexicais reintegracionistas (que constrúen unha identidade ideolóxica independentista, radical, avanzada e moderna) fanse compatibles coa utilización dunha fonética próxima ao español, entre outros trazos, que actúan como marcadores de orixe social urbana, de clase non baixa e de modernidade. Tendo en conta que este tipo de ideoloxías lingüísticas ten a súa mellor expresión nos ámbitos universitarios e culturais, a utilización dunha norma reintegracionista e o uso dunha forma fónica que corresponde en gran medida a español non resultan incompatibles, senón que se reforan no sentido de separarse nitidamente das clases baixas e rurais, que son as que posúen un galego máis próximo ao portugués nos aspectos fónicos. Marcos Neves (2015) sinala que é frecuente que persoas portuguesas, ao escoitaren discursos en galego, crean estar a oír unha modalidade de español, mais que fican perplexos cando son confrontados con outro galego que “soa demasiado a portugués para ser español”, como o que se encontra nun vídeo de falantes de Mazaricos¹⁴. Mais estes acentos que soan a portugués están socialmente marcados como rurais e de clase baixa, e por tanto non son modelos lingüísticos apropiados para os propósitos de construción identitaria buscados.

Na súa crítica á teoría da esfera pública de Habermas (1962), Nancy Fraser (1990, p. 67) defende que “they are parallel discursive arenas where members of subordinated social groups invent and circulate counterdiscourses, which in turn permit them to formulate oppositional interpretations of their identities, interests, and needs”, e denomina esas esferas alternativas como “subaltern couterpublics”. Tendo en conta que os grupos culturais e políticos reintegracionistas se postulan como alternativa ás ideoloxías lingüísticas e ás políticas dominantes tanto no conxunto da sociedade coma no ámbito nacionalista, pode defenderse que o reintegracionismo forma parte da construción dunha contraesfera pública política e ideolóxica, que demarca moi claramente as fronteiras respecto das ideoloxías dominantes a través de marcas lingüísticas visibles (e de aí que se destaquen sobre todo as cuestións gráficas). A ortografía alternativa funcionaría como un símbolo

¹⁴ Neves refírese a un vídeo do espazo *Ben falado* emitido pola TVG en 2011, accesible en Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=3wPC8E14cIc&t=27s> (consulta abril 2020).

que demarca esta contraesfera pública. Fernando Venâncio (2019, pp. 220-221), desde a súa óptica, expón de maneira crúa unha idea similar, cando afirma: “a verdade é que o reintegracionismo galego nunca perseguiu, e provabelmente nunca pretendeu perseguir, un projecto *lingüístico*. É un movemento de activistas ideolóxicos, para quem o idioma é un pretexto, una estratexia, non un obxecto de coñecemento”. Máis ca un pretexto, desde o punto de vista que aquí se defendeu, sería una estratexia dentro da loita de poder que ten lugar en ámbitos da esfera pública galega que se foi configurando nas últimas décadas. Neste sentido, resulta revelador o título do interesante libro de Mário Herrero (2011) aquí citado: *Guerra de grafías, conflito de elites*. O reintegracionismo sería o instrumento de certas elites que ficaron nas marxas dos espazos de poder (político e cultural, sobre todo) ocupados polas elites que se situaban en círculos e institucións de recoñecemento político e social.

5. CONCLUSIÓN

A situación lingüística de Galicia presenta características que a converten nun terreo de grande interese para o estudo do contacto e da variación lingüística. Na sociedade verifícase un contacto intenso entre o español e diferentes modalidades de galego, desde as diferentes variedades populares á lingua estándar, e coa presenza de estándares alternativos que incorporan, en maior ou menor medida, elementos do portugués. Isto fai que exista unha serie de repertorios lingüísticos dispoñibles para o seu emprego na interacción social, e que a través deles sexan posibles construcións identitarias en diferentes niveis, desde a pertenza a grupos ideolóxicos diferenciados ata identidades sociais (clase, urbanidade, modernidade), pasando, naturalmente, por diferentes comunidades de práctica.

Neste traballo estudáronse diferentes discursos procedentes da esfera pública política, aínda que as conclusións poderían estenderse a outros ámbitos, nomeadamente a esfera cultural. A través da análise destes actos de fala mostrouse como os elementos de contacto co español, as formas e estruturas do galego estándar, as formas non estándar procedentes das falas populares e mais os elementos tomados do portugués son utilizados para construír afinidades e marcar distancias con determinados grupos sociais e ideolóxicos.

Unha diferenza marcada entre os dous tipos de contacto, horizontal no caso do español (lingua coa que toda a poboación galegofalante está en contacto intenso), vertical no caso do portugués (só unha minoría das elites ten contacto parcial co portugués), determina en boa medida as significacións do emprego de formas procedentes do contacto con cada unha das linguas. O español é a lingua de maior prestixio na sociedade, asociada a modernidade e urbanidade. O portugués non ten prestixio no conxunto da sociedade, mais o galego con marcas de achegamento

ao portugués, presente en minorías urbanas e de clase non baixa, activas cultural e politicamente, asóciase a posicións alternativas aos poderes políticos e culturais existentes.

Neste sentido, o emprego de trazos lingüísticos do español (na fonética e na sintaxe, por exemplo) non está en contradición co emprego de trazos do portugués (léxicos, morfolóxicos e sobre todo gráficos), xa que ambas as linguas están asociadas a modernidade e urbanidade, cando menos entre as minorías da esfera cultural e política. A selección dos trazos do portugués que se poñen en obra e a súa combinación con trazos do español para construír estas modalidades é posible e coherente se se considera que serven para a construción dunha contraesfera pública, alternativa á que é hoxe en día dominante en Galicia.

Os comportamentos vistos neste traballo ilustran algunhas das maneiras en que as persoas xestionan os repertorios lingüísticos que teñen á súa disposición para conseguiren os seus fins (Blommaert, 2005, 2010; Pennycook, 2010), e como diferentes trazos destes repertorios se poden combinar de maneiras complexas e, en principio, inesperadas. Tamén se fai ver a necesidade de continuar o traballo en diferentes espazos sociais para poder refinar, ampliar e corrixir algúns destes resultados.

REFERENCIAS

- AGAL = Associação Galega da Língua (1985). *Prontuário ortográfico galego*. S. l.: AGAL.
- Aguete, A. (2017). Factores externos na variación do vocalismo galego. Estudo perceptivo. In Regueira, X. L. & Fernández Rei, E. (Eds.). *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 63-97.
- Aguete Cajiao, A. (2019). *Vocalismo galego. Motivacións fonolóxicas do cambio*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Akoun, A. (1997). *Sociologie des communications de masse*. París: Hachette.
- Alonso Pintos, S. (2006). *O proceso de codificación do galego moderno (1950.1980)*. A Coruña: Barrié de la Maza.
- Amengual, M. & Chamorro, P. (2015). The effects of language dominance in the perception and production of the Galician mid vowel contrasts. *Phonetica*, 72, pp. 207-236.
- Anderson, B. (2006). *Imagined communities*. Revised edition. London / New York: Verso.
- Bauman, R. & Briggs, C. L. (2003). *Voices of modernity: language ideologies and the politics of inequality*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Blommaert, J. (2005). *Discourse. A critical introduction*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Blommaert, J. (2010). *The sociolinguistics of globalization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Blommaert, J. & Rampton, B. (2011). Language and superdiversity. *Diversities*, 13, 2, pp. 1-20.
- Bourdieu, P. (1979). *La distinction. Critique du jugement social*. Paris: Minuit.
- Bucholtz, M. & Hall, K. (2005). Identity and interaction: a sociocultural linguistic approach. *Discourse Studies*, 7, pp. 585-614.

- Bucholtz, M. & Hall, K. (2007). Language and identity. In Duranti, A. (Ed.). *A companion to linguistic anthropology*. Oxford: Blackwell, pp. 369-394.
- Castro López, M. (1998). *Manual de iniciación à lingua galega. Sociolingüística, morfosintaxe, ortografía e léxico*. Ferrol: Fundación Artábria.
- Dubert García, F. (1999). Máis sobre o rotacismo de /S/ en galego. In Álvarez, R. & Vilavedra, D. (Eds.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, pp. 367-387.
- Eckert, P. (2012). Three waves of variation study: the emergence of meaning in the study of sociolinguistic variation. *Annual Review of Anthropology*, 41, pp. 87-100.
- Eckert, P. (2018). *Meaning and language variation*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Estatuto de Autonomía de Galicia = Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, 101, de 28 de abril de 1981.
- Fernández Rei, F. (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, E. & Regueira, X. L. (Eds.) (2017): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Figueroa, A. (2010). *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Bertamiráns: Laivento.
- Foucault, M. (1996 [1971]). *A ordem do discurso*. Transl. by L. F. de Almeida Sampaio. São Paulo: Loyola [L'ordre du discours. Paris: Gallimard, 1971].
- Fraser, N. (1990). Rethinking the public sphere: a contribution to the critique of actually existing democracy. *Social Text*, 25/26, pp. 56-80.
- Freixanes, V. F. (2009). Os primeiros pasos do galego na radio: 1933-1936. *Grial*, 180, pp. 36-45.
- García Turnes, B. (1999). Cultivo e elaboración da lingua galega no período da restauración (1875-1916). In Álvarez, R. & Vilavedra, D. (Eds.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, pp. 435-453.
- Goffman, E. (1959). *The presentation of self in everyday life*. New York: Anchor.
- Goffman, E. (1967). *Interaction ritual. Essays on face-to-face behavior*. New York: Pantheon.
- Goffman, E. (1974). *Frame analysis. An essay on the organization of experience*. Boston: Northeastern University Press.
- Goffman, E. (1981). *Forms of talk*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- González González, M. (Dr.) (2003). *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González Seoane, E. X. (1996). O debate sobre a independencia do galego na última década do século XIX. In Lorenzo, R. & Álvarez Blanco, R. (Eds.). *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 121-131.
- Gumperz, J. J. (1982). *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Habermas, J. (1962). *Strukturwandel der Öffentlichkeit. Untersuchungen zu einer Kategorie der bürgerlichen Gesellschaft*. Darmstadt / Neuwied: Luchterhand, 1983¹⁴
- Hermida, C. (1996). Galego e portugués durante o século XIX (1840-1891). In Lorenzo, R. & Álvarez, R. (Eds.). *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 107-119.
- Herrero Valeiro, M. (2011). *Guerra de grafías, conflito de elites na Galiza contemporánea*. Santiago de Compostela: Através.

- Hourigan, N. (2003). *Escaping the global village. Media, language & protest*. Lanham, MD: Lexington.
- Kabatek, J. (2005). Tradiciones discursivas y cambio lingüístico. *Lexis*, 29, 2, pp. 151-177.
- Kavanagh, W. (2011). Identidades en la frontera luso-española: permanencias y transformaciones después de Schengen. *Geopolítica(s)*, 2, 1, pp. 23-50.
- Koch, P. (1997). Diskurstraditionen: zu ihrem sprachtheoretischen Status und ihrer Dynamik. In Frank, B. et al. (Hrsg.). *Gattungen mittelalterlicher Schriftlichkeit*. Tübingen: Narr, 1997, pp. 43-79
- Lakoff, G. & Johnson, M. (1980). *Metaphors we live by*. Chicago / London: University of Chicago Press.
- Mariño Paz, R. (1998). *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Medeiros, A. (2003). Discurso nacionalista e imáxens de Portugal na Galiza. *Etnográfica*, 7, 2, pp. 321-349.
- Medeiros, A. (2006). *Dois lados de um rio. Nacionalismo e entonografias na Galiza e em Portugal*. Lisboa: ICS.
- Monteagudo, H. (1999). *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- MSG = Real Academia Galega (1995). *Mapa sociolingüístico de Galicia*. Vol. 2: *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: RAG.
- Musolff, A. (2019). Metaphor Framing in Political Discourse. *Mythos-Magazin: Politisches Framing* 1. Accesible en: http://www.mythosmagazin.de/politisches_framing/am_metaphor-framing.pdf (consulta abril 2020).
- Neves, M. (2015). O que ouvem os portugueses quando ouvem galego? Blog *Certas Palavras*, 6 de febreiro de 2015. Accesible en <https://www.certaspalavras.net/o-que-ouvem-os-portugueses-quando-ouvem-galego/> (consulta abril 2020).
- Oesterreicher, W. (1997). Zur Fundierung von Diskurstraditionen. In Frank, B., et al. (Hrsg.). *Gattungen mittelalterlicher Schriftlichkeit*. Tübingen: Narr, pp. 19-41.
- Pennycook, A. (2010). *Language as a social practice*. London / New York: Routledge.
- RAG & ILG = Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (2003). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: RAG.
- Regueira, X. L. (1999). Estándar oral e variación social da lingua galega. In Álvarez, R. & Vilavedra, D. (Eds.), *Cingüidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús AlonsoMontero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, pp. 855-875
- Regueira, X. L. (2003). Lingua falada e estándar escrito: o galego desde o Rexurdimento á modificación ortográfica do 2003. In Vázquez Fachini, A. M. (Ed.). *Galicia desde Salamanca 4*. Salamanca: Universidade, pp. 185-220.
- Regueira, X. L. (2006). Política y lengua en Galicia: la normalización de la lengua gallega. In Castillo Lluch, M. & Kabatek, J. (Eds.). *Las lenguas de España: política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, pp. 61-93.
- Regueira, X. L. (2016). La lengua de la esfera pública en situación de minorización: español y portugués como lenguas de contacto en el lenguaje político gallego. In Poch Olivé, D. (Ed.). *El español en contacto con las otras lenguas peninsulares*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, pp. 39-59.

- Regueira, X. L. (2019). Variación fonética, a lingua da esfera pública e estándar oral: entre a lingüística e a política. *Revista Galega de Filoloxía* 20, pp. 119-147.
- Regueira, X. L. (no prelo). Portuguese as a contact language in Galicia: convergence, divergence, ideology and identity. In Bouzouita, M., Enghels, R. & Vanderschueren, C. (Eds.). *Convergence and divergence in Ibero-Romance: case studies from the Ibero-Romance world*. Berlin: Mouton de Gruyter.
- Regueira, X. L. & Fernández Rei, E. (2020). The Spanish sound system and intonation in contact with Galician. In Rao, R. (Ed.). *Spanish phonetics and phonology in contact*. Amsterdam / New York: John Benjamins, pp. 325-362.
- Sánchez Vidal, P. (2010). *O debate normativo da lingua galega (1980-2000)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Saussure, F. de (1995 [1916]). *Cours de linguistique générale*. Ed. crítica de Tullio di Mauro. Paris: Payot.
- Silverstein, M. (2003). Indexical order and the dialectics of sociolinguistic life. *Language & Communication*, 23, pp. 193-229.
- Silverstein, M. (2014). The race from place: dialect eradication vs. the linguistic authenticity of *terroir*. In Lacoste, V., Leimgruber, J. & Breyer, T. (Eds.). *Indexing authenticity. Sociolinguistic perspectives*. Berlin / Boston: de Gruyter, pp. 159-187.
- Tannen, D. (1993). What's in a frame? Surface evidences for underlying expectations. In Tannen, T. (Ed.). *Framing in discourse*. New York / Oxford, Oxford University Press, pp. 14-56.
- Thomason, S. G. & Kaufman, T. (1988). *Language contact, creolization and genetic linguistics*. Berkeley: University of California Press.
- Thompson, J. B. (1996). La teoría de la esfera pública. *Voces y Culturas*, 10, pp. 81-96.
- Torres Feijoo, E. (1999). Cultura portuguesa e legitimación do sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891). *Ler História*, 36, pp. 273-318.
- Venâncio, F. (2019). *Assim nasceu uma língua. Sobre as origens do português*. Lisboa: Guerra & Paz.
- Vidal Figueiroa, T. (1994). Carta. *A Trabe de Ouro*, 20, pp. 141-143.
- Wellings, M. (2013). Un estudo da paisaxe lingüística en Santiago de Compostela. *Cadernos de Lingua*, 35, pp. 5-37.
- Wenger, E. (1998). *Communities of practice: learning, meaning, and identity*. Cambridge: Cambridge University Press.